

## **BASES 14.º CONCURSO DE MAQUETAS 'QUEIXO MAQUETÓN'**

1.º- Poderán tomar parte todos aqueles grupos ou solistas con residencia no Estado español que non teñan ningún álbum publicado, coa excepción dos autoeditados ou que non teñan firmado ningún contrato discográfico.

2.º- Só se admitirán traballos encadrados estilisticamente dentro do pop rock e novas tendencias: Rock, Pop, Post Rock, Tecno Pop, Power Pop, Art Rock, Indie, Indie Pop, Electrónica, Electro Pop, Electroclash...

3.º- O **PRAZO** de presentación de propostas remata o **15 DE XANEIRO DE 2023** ás 15h. O 20 de xaneiro, a dirección do Queixo Maquetón publicará o nome do grupo gañador que será contratado para actuar en Arzúa o sábado 4 de marzo de 2023. O concerto celebrarase aproximadamente ás 21:30 h.

4.º- Todos os grupos ou solistas que desexen participar no concurso Queixo Maquetón 2023, deberán enviar un email a **proxectoqueixomaqueton@gmail.com**, onde nos farán chegar:

- Os títulos das (3) tres cancións que se presenten a concurso, que deberán estar publicadas no Myspace, Bandcamp ou outra plataforma similar.
- Unha fotografía de calidade en formato JPEG (máx 10 Mb)
- Una biografía do grupo/solista en formato DOC (Word ou similar)
- Dirección, CP, teléfono, correo e a plataforma na que estean colgadas as cancións a concurso.

5.º- O gañador será elixido por un **xurado**, que estará formado por profesionais relacionados coa música e os membros da organización, e valorará especialmente a calidade musical da banda ou solista e o encaixe artístico na filosofía do festival. É imprescindible ter un repertorio propio dun mínimo de 30 minutos de duración. O gañador cede os temas presentados a concurso para o seu posible uso promocional do evento.

6.º- O gañador deberá estar **dado de alta na Seguridade Social antes do 4 de marzo de 2023** para poder ser contratado para actuar por un importe de 1.300 euros.

7.º- O incumprimento total ou parcial das presentes bases será motivo de descualificación. A Organización do Queixo Maquetón resérvase o dereito de poder modificar total ou parcialmente as presentes bases e de colocación do grupo ganador no horario e escenario que estime oportuno.

## PREMIOS

- **1.300 € EN CONCEPTO DE CACHÉ** pola **actuación no Festival do Queixo** o sábado 4 de marzo de 2023 con cargo á partida orzamentaria 334.480.02 do vixente orzamento. O premio será aboado mediante transferencia bancaria.
- **ENTREVISTA PROMOCIONAL** en Radio Arzúa e as redes sociais do evento.

Arzúa, 16 de novembro de 2022

---

### ORGANIZA



Concello  
de Arzúa



[festadoqueixo.org](http://festadoqueixo.org)



[facebook.com/festaqueixo](https://facebook.com/festaqueixo)



[instagram.com/festadoqueixo](https://instagram.com/festadoqueixo)



[@festaqueixo](https://twitter.com/festaqueixo) | [@queixomaqueton](https://twitter.com/queixomaqueton)



[youtube.com/festadoqueixo](https://youtube.com/festadoqueixo)